O "apoliticismo" da burguesía viguesa (1881-1931)

Manuel Veiga

Galicia era no século XVIII, e no tocante ás clases altas, terra de gran número de fidalgos rurais (os sonados propietarios dos pazos), pero tamén contaba cun prometedor estamento industrioso: o dos pequenos propietarios dos teares, fábricas de curtidos e ferrerías. Nos anos previos á invasión francesa, "ninguén calificaría a Galiza de industrialmente atrasada"[1]. O século XIX é, en cambio, o da frustración da burguesía, non xa nas comarcas do interior, senón mesmo nas costeiras, xa daquela máis desenvolvidas.

A febleza e a frustración da burguesía decimonónica é xeneralizable a boa parte da península, ata o punto de que se converteu nun dos temas máis tratados polos historiadores, políticos e publicistas da época. Sen embargo, a profundidade desa frustración en Galicia outórgalle un carácter específico, ata dar lugar a que se afincase con especial intensidade o concepto de atraso, xunto con apreciacións de carácter psicolóxico como a suposta "ausencia dunha mentalidade empresarial consolidada pola tradición"[2].

A manifestación política desa burguesía galega resultou sempre fraca e irregular. Para unha boa parte dos historiadores tal actitude foi consecuencia non só do seu escaso tamaño (sobre todo se a comparamos coas áreas máis desenvolvidas da península), senón tamén da súa orixe foránea, o que daría lugar a unha feble inmersión na sociedade

1. Carmona, Joám; Alberte Espido e Alberto Lozano. "Industria e sociedade na Galiza do século XIX", *A Nosa Historia* 6, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 1995, p. 72.

2. Barreiro Fernández, X. R. *Historia contemporánea política. Siglo XX.* Hércules Ed., A Coruña, 1991, p. 337.

que a rodeaba e a unha escasa participación nas institucións destinadas a resolver os problemas desa sociedade. Desta teoría derivou a tese dunha sorte de colonización das áreas industriais da costa galega, por parte de cidadáns emprendedores chegados doutras comunidades. Neste artigo trataremos de verificar a virtualidade de tal hipótese, circunscribíndonos ó *hinterland* de Vigo, por razóns que logo se explicarán. A pregunta que pretendemos responder é, xa que logo, a seguinte: ¿A que se debe a escasa participación política desta burguesía? ¿A súa pequena dimensión? ¿Ó seu carácter foráneo? ¿Ou a outras razóns?

A TESE DA BURGUESÍA FORÁNEA

Respecto da burguesía operante en Galicia nesta época, X. R. Barreiro escribiu que "o vagantío que deixan os galegos é aproveitado por unha riada de comerciantes, chambóns, industriais, especuladores e xentes de toda caste e condición que arriban a Galiza desde a metade do XVIII e fican nela [...]. En pouco máis de trinta anos e a partir de 1750 chegan a Galiza arredor de 15.000 cataláns en varias ondadas [...]. Os cataláns logran, con algo máis que *denuedo y trabajo*, como benévolamente escrebe Vicens Vives, o monopolio da salgadura galega durante todo o século XIX. Praticando, seica, unha estrita endogamia, e formas colonizadoras, acaban por imporse e facerse donos no noso mar [...]. Afirmáronse os cataláns, e os nomes de Massó, Curbera, Buch, Goday, Poch, Doménech, Roura, etc., ficaron para sempre escritos na historia industrial do país galego"[3]. Barreiro apunta tamén a presencia de empresarios doutras rexións: vascos, maragatos, casteláns e mesmo de fóra do Estado español. Destes últimos o apelido máis coñecido sería o de Barrié.

Tamén para Justo G. Beramendi, "os pequenos grupos burgueses verdadeiramente modernos que aparecen neste período teñen unha orixe maioritariamente foránea e ademais están demasiado focalizados tanto no territorial como na súa especialización económica, o que lles impide articularse como unha auténtica clase social de ámbito galego e, sobre todo, asumir a etnicidade galega como elemento aglutinador. Disto deriva unha case imposibilidade estructural de que, aínda dándose conxunturas estimuladoras, esta(s) burguesía(s) protagonizasen a

3. Barreiro Fernández, X. R. *Historia de Galicia. Idade contemporánea.* Ed. ANPG. Pontedeume. 1979, p. 161. O cronista local de Vigo, Gerardo González Martín, corroboraría anos despois estas afirmacións ó sinalar: "É notorio entre as persoas coñecedoras da incidencia dos cataláns en Vigo, tanto no século XVIII como no XIX, a súa endogamia (casaban normalmente con mulleres da mesma procedencia) e a súa escasa aproximación á cultura local". Gónzalez Martín, Gerardo. *El orgullo de ejercer de viguês.* Ed. Cardeñoso, Vigo, 1993, p. 75.

partir de certo momento un auténtico *nation-building* galego [...]. Galicia estaba nas antípodas de Cataluña"[4].

Ramón Villares engade algúns elementos diferentes a esta caracterización e á par que lembra "a falta dunha burguesía industrial", sinala que "a dinámica da formación económico-social galega estaba freada pola súa inserción no espacio político español". De forma máis precisa, apunta que "as cativas unidades de producción galegas tiñan que competir coas largacías explotacións castelás, os latifundios andaluces e as adiantadas agriculturas levantinas, para as que sempre se dictaminaban as orientacións básicas da política económica española, que nesta época significaban proteccionismo a ultranza"[5].

De todos modos, falta por explicar a pouca énfase posta polos deputados e ministros galegos nas Cortes á hora de defender os intereses dos distritos polos que foran electos. Como di Ramón Máiz, "así e todo, feble, cativa, heteroxénea, a burguesía galega perfeitamente integrada no aparello da Restauración xamais acudiría ao chamamento dos rexionalistas liberais"[6].

É doadamente constatable, en todo caso, o feito de que a elite caciquil galega estaba tan representada ou máis nas Cortes que a doutras comunidades. No que respecta á incipente burguesía industrial, non parece lóxico pensar que deixase de salvagardar politicamente os seus intereses simplemente polo feito de que os seus pais ou os seus avós tivesen unha orixe foránea. Tal cousa non habería de suceder en ningún outro caso e resulta difícil de crer que así ocorrese no galego.

A FALTA DUNHA GRAN CIDADE

Existe un factor máis a considerar, este é o da inexistencia en Galicia dunha gran cidade que interpretase un papel similar ó de Barcelona no caso catalán. O líder do provincialismo, Antolín Faraldo, lamentaba xa, durante o pronunciamento liberal de 1846, a inexistencia dunha gran metrópole e reclamaba a creación dun centro que como Barcelona ou Lisboa fose capaz de coordinar a vida da rexión[7]. Un

4. G. Beramendi, Justo. "Conciencia étnica e conciencias nacionais en Galicia", en *O feito diferencial galego. Historia*, Vol. II, Santiago, 1997, p. 287. O mesmo Beramendi refírese noutro lugar a estes grupos burgueses coa expresión de "pequenos núcleos foráneos". *Vid.* actas do *IV Congreso Internacional de Estudios Galegos.* Universidade de Oxford, 26-28 de setembro de 1994.

5. Villares, Ramón. *Figuras da nación.* Ed. Xerais, Vigo, 1997, pp. 102-3.

6. Máiz, Ramón. *O rexionalismo galego: organización e ideoloxía (1886-1907).* Ed. Do Castro, Sada, 1984, p. 306.

7. "Faraldo estimaba como unha das principais causas da decadencia de Galicia, a do esparexemento rural. Doíase de que os dous millóns de habitantes que daquela a poboaban, non puidesen contar cun centro urbano capaz de vitalizar o futuro". Fernández del Riego, F. *Antolín Faraldo, o gran soñador.* Ed. Xerais, Vigo, 1998, p. 55. Esta demanda como se ve é antiga. O propio Valle-Inclán fixo mención a ela, reclamando unha gran cidade para Galicia. *El Pueblo Gallego*, 3-VII-1935.

dos precursores do rexionalismo, Manuel Murguía, tomaría tamén nota da "falta dunha cidade máis populosa que as que hoxe contamos, a falta de grandes centros fabrís e os intereses que enxendran"[8].

Esta ausencia provocou numerosos debates, pero a dicir de Joám Carmona non atallou o problema fundamental: "a historia contemporánea de Galiza estará infestada de polémicas absurdas e mixtificadoras sobre diversas capitalidades, nas que os distintos grupos dominantes locais loitarán para conseguir ben privilexios económicos, ben a instalación de burocracias administrativas nas súas respectivas cidades, para obter así un poder que non son capaces de acadar a través do desenvolvemento da producción capitalista nelas. O eterno problema da capitalidade non é senón unha manifestación máis da febleza crónica da burguesía galega"[9]. É dicir, segundo Carmona, que a falta dunha gran cidade, sobre a que xiren as demais, non é a causa, senón a consecuencia desa falta de desenvolvemento económico.

VIGO, O INTENTO DE CREAR A "GRAN CIDADE ATLÁNTICA"

Se Galicia non creou unha Barcelona, pódese dicir que o máis parecido que deu á capital catalana foi Vigo[10]. En todo caso, non hai dúbida de que na mente dos burgueses vigueses, cando menos nas dúas primeiras décadas do século, estivo a intención de converter a Vigo na "gran cidade atlántica". Os seus puntos febles e o propio fracaso do intento non ocultan que o tecido social da cidade apuntaba naquel momento e con bastante claridade a este obxectivo[11].

8. Murguía, Manuel. *Orígenes y desarrollo del regionalismo en Galicia.* La España Regional. T. VIII, 1890, p. 485. Citado por Máiz en *op. cit.*, 1984, p. 306.

9. Carmona, Joám. *El atraso industrial de Galicia.* Ed. Ariel, Barcelona, 1990, p. 37. O cronista vigués, Bernardo Bernárdez, resalta a esterilidade do enfrontamento entre Vigo e A Coruña nas primeiras décadas do século XX e apunta como motivo a falta dunha visión máis global, de carácter rexional, que permita agrupar forzas arredor de reivindicacións que deberían ser comúns a ambas cidades. "Somente cunha compenetración verdadeiramente rexional pode acabarse con ese contraditorio aspecto entre os galegos e o seu galeguismo. As duas cidades principais son as obrigadas a daren a norma, poñéndose á vangarda dun movimento de preparación e formación moral e material, que eleve a categoría política de Galiza ao rango dos seus merecementos e ao nivel das suas necesidades. A Coruña e Vigo, son as chamadas para guiar este movemento; pero antes é preciso que os seus desditados antagonismos terminen". Bernárdez, Bernardo. *Tratado de Viguismo o resumen histórico comentado de los diez últimos años de la monarquía española en Vigo. 1921-1931.* Ed. Roel, Vigo, 1932, Vol. II, p. 240. É de lembrar que a polémica entre Vigo e A Coruña se acentúa co crecemento de ambos portos nas dúas primeiras décadas do século.

10. González Martín di: "... esta urbe que quixo ser a Barcelona do Atlántico e quedou a medio camiño". González Martín, Gerardo. *Op. cit.*, 1993, p. 7.

11. Manuel Fernández escribe neste sentido o seguinte: "A crise do 29 afectou ao movemento mercantil portuario vigués dependente das grandes compañías extranxeiras e as exportacións galegas de conservas de peixe. É nesta coxuntura económica adversa cando as deficiencias e carencias infraestruturais se senten máis profundamente: un porto pequeno e nunhas condicións pouco adecuadas para converter a Vigo na 'grande cidade do

O crecemento vigués ten lugar sobre todo entre 1885 e 1920 e está vencellado, en gran medida, ó despegue da industria da conserva. Nese período España (nomeadamente Galicia) despraza a Francia (Bretaña) como principal exportadora europea de conservas de peixe e Vigo é o principal centro español desta producción a fin de século. O número de fábricas de conserva en Galicia pasa de seis en 1882 a oitenta e dúas en 1905 e a maioría localízanse nas Rías Baixas. A conserva e a pesca converten en poucos anos a Vigo na fronte pioneira galega do capitalismo industrial. O medre da poboación queda claro nas cifras do censo: se en 1887 Vigo a penas superaba os 13.000 habitantes, en 1910 acadaba os 41.000. O número de sociedades mercantís, que era de 18 en 1880, pasa a ser de case 80 ó redor do ano vinte. Doutra parte, o porto de Vigo absorbía máis do 25 por cento das saídas de emigrantes en dirección a América do total do Estado español[12].

O importante da industria conserveira non foi con todo o seu propio crecemento, senón a súa capacidade para xerar un certo tecido empresarial e social ó seu redor. A fabricación de conservas fora o lóxico resultado da evolución da salgadura, pero en tanto que esta última podía ser considerada unha manufactura de carácter elemental, a conserva esixía novas materias primas: folla de lata para o recipiente, aceite, estaño para soldar e máquinas para realizar os procesos, tales como caldeiras de vapor, soldadores e autoclaves. Ademais, a conserva abría novos mercados. Deste modo, para aproveitar os aceites utilizados naceu en Vigo unha fábrica de xabón; o envasado promoveu a creación de fábricas de envases e de litografado de folla de lata, así se crean La Artística e La Metalúrgica. Tamén nacen novos aserradoiros mecánicos para subministrar caixas de madeira nas que se enviaban as partidas de latas; mesmo as cerradoras automáticas que primeiro eran de importación pasaron a ser fabricadas tamén en Vigo, en Alonarti ou La Artística. Ás veces as inovacións tecnolóxicas realízanse con verdadeiro éxito, así Vigo foi, con Stavanger, a pioneira europea, por diante de Portugal e Francia, na mecanización do tratamento dos envases. Por outra parte e ante a vulnerabilidade das empresas fronte ás fluctuacións da pesca, os conserveiros deciden diversificar as súas plantas e facerse eles mesmos con barcos para "iren pola sardiña onde faga falta". José Ramón Curbera, por exemplo, un dos conserveiros máis importantes cando menos

Atlántico', como pretendía a burguesía empresarial [...]". Fernández González, Manuel. "La estructura socioprofesional de la ciudad de Vigo en 1930", *Boletín del Instituto de Estudios Vigueses* 3, 1997, p. 87. No mesmo sentido maniféstase X. M. Souto quen tamén se refire a que a crise do 29 impediu a "consolidación do proxecto de cidade atlántica". Souto González, Xosé M. *Vigo, cen anos de historia urbana (1880-1980).* Ed. Xerais, Vigo, 1990, p. 148.

12. López Taboada, Xosé A. *Economía e población en Galicia.* Ed. Do Rueiro, A Coruña, 1979, p. 152.

do primeiro tercio de século, tiña só un vapor en 1914 para pasar a ter cinco seis anos máis tarde[13].

A cooperación destes industriais á hora de fornecerse dos bens de equipo necesarios foi notable. Empresarios da conserva participan na posta en marcha, por exemplo, de La Metalúrgica, ou incluso fundan eles mesmos empresas vencelladas ó seu labor principal, caso de Benigno Barreras que crea o aserradoiro mecánico La Industrial Hispano-Portuguesa. Os conserveiros tamén participan en moitos casos do accionariado das empresas de estaleiros que viven de fabricar buques de pesca e fanse cos medios necesarios para carbonear eles mesmos os barcos.

Outro tanto sucede no que respecta ós servicios, factor que haberá de ser clave na fisionomía social e económica da cidade. No ano 1900 nace o Banco de Vigo, verdadeiro brazo financeiro da burguesía olívica, que apoiará a transformación pesqueira e os negocios de exportación. Vinculada ó propio banco nace a empresa de seguros La Alborada, na que se aseguran as fábricas e as exportacións de conservas, e a empresa de abastecemento de augas (1902), un elemento preciso para o funcionamento das mesmas. O conserveiro Ramón Curbera participou nas primeiras iniciativas para dotar a Vigo dun tranvía eléctrico, que finalmente comezou a funcionar en 1914, permitindo ampliar o radio de recrutamento dos traballadores das fábricas viguesas[14]. O círculo péchase coa construcción do salto de Pego Negro no concello veciño de Gondomar, destinado a surtir unha pequena central eléctrica que se denominaría Electra Popular de Vigo y Redondela. Esta sociedade habería de servir para alimentar o tranvía eléctrico de Vigo, denominándose en 1917 Fábrica del gas, electricidad y tranvías[15].

O NEGOCIO DA EMIGRACIÓN

O gran negocio dalgunhas das máis importantes familias da cidade será con todo o da emigración. Só entre 1887 e 1913 saen polo porto

13. Os datos sobre a conserva e demais industrias reseñadas foron tomados de: "Recursos, organización y tecnología en el crecimiento de la industria española de conservas de pescado, 1900-1936" de Joám Carmona, en *La cara oculta de la industrialización española*, Jordi Nadal y Jordi Catalán (eds.). Alianza Universidad, Madrid, 1994, p. 132. E tamén en "O mar e a industrialización de Galicia" do mesmo autor, en *O feito diferencial galego. Historia.* Vol. II, Ed. Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela, 1997, p. 254.

14. Carmona, Joám. *Op. cit.*, 1997, p. 255. A importancia deste entramado non é coñecida dabondo, entre outras razóns porque "estatística nengunha reflexou nunca unha tan vasta e benéfica influencia; dunha banda, porque nengunha clasificación de tal caste contempla como tal un epígrafe de industrias marítimas: aparecen unhas dentro do sector metalmecánico, outras no de fabricación de goma e caucho, outras no de madeira, algunhas no de alimentación; da outra, porque mesmo ás veces resulta difícil pescudar en empresas hoxe afastadas ou relativamente afastadas de él as suas orixes como fornecedoras ou consumidoras do sector marítimo", p. 251.

15. Montenegro López, Amador. *Historia íntima de Vigo.* Edición do autor, Vigo, 1990, pp. 122 e 123.

de Vigo 502.394 emigrantes con destino a América, preferentemente á Arxentina. Bancos e prestamistas ofrecen billete a América a cambio dunha hipoteca sobre as leiras do emigrante que en ben de casos non poderá recuperalas. Moitas das fortunas do país, e non só das cidades portuarias, senón tamén do interior de Galicia, naceron gracias a esta práctica habitual[16].

Burgueses nomeados, como Estanislao Durán, converteranse de seguida en representantes de compañías estranxeiras consignatarias de buques, como a Mala Real Inglesa. Os campesiños, agobiados polo caciquismo, pola crise agraria finisecular e pola perda do mercado inglés para o vacún, serán facilmente recrutables para tal empresa. Non é de estrañar que a prensa local, que ten ás consignatarias como principais anunciantes, promova a fondo o negocio. Tampouco neste aspecto son desdeñables as sinerxias que os emprendedores vigueses son capaces de conseguir, posto que algúns dos barcos que transportaban os emigrantes, cargaban tamén as súas adegas con latas de conserva para Latinoamérica, o que loxicamente abarataba os fletes. Incluso a auga mineral da comarca (Cabreiroá e Mondariz) foi exportada, nalgúns períodos, a Bos Aires mediante este sistema[17]. Tamén sucede, en ocasións, que os barcos de regreso chegan cargados con carne arxentina que lle fará a competencia á gandería galega nos mercados recén abertos de Madrid e Barcelona.

O AUXE DA PRENSA

A apreciable solidez deste tecido industrial deixouse ver nos seus órganos de expresión, o máis importante dos cales foi *Faro de Vigo*, nacido en 1853 como publicación bisemanal e que anos máis tarde se convertería en diario. Entre 1823 e 1900, a cidade deu a luz alomenos sesenta e catro cabeceiras de distinta entidade. Nas dúas primeiras décadas do século seguinte naceron outras vinte publicacións. Non todas, nin moito menos, tiveron carácter efémero. A maiores de *Faro*, que ocupaba o campo conservador, editouse durante cincuenta e dous anos o liberal *La Concordia*. A redor dos anos vinte, a época das maiores polémicas sociais e políticas da cidade, chegaron a coincidir na rúa ata catro diarios. A burguesía atopouse en todo momento ben representada, sobre todo a través de *Faro*. Outras publicacións, como *La Concordia* ou *El Pueblo Gallego* de Portela Valladares, que case habería de sucedela, representaban un espírito máis aberto ó progresismo e ó

16. Sirva de exemplo o caso de Severino Fernández de Quintela de Leirado. Información recollida por Felipe Castro e citada por Raúl Soutelo en *Os intelectuais do agrarismo*. Ed. Universidade de Vigo, 1999, pp. 209-11.

17. Luca de Tena, Gustavo. *Noticias de América. O relato da grande emigración americana na prensa de Galicia e de ultramar*. Ed. Nigra, Vigo, 1993.

galeguismo, sobre todo este último, pero sen afastarse nin opoñerse frontalmente á burguesía rectora da cidade[18].

Tanto a Unión de Fabricantes de Conserva, como a patronal da Pesca haberían de crear ademais publicacións especializadas, as máis importantes delas foron Industrias Pesqueras e, xa nos anos trinta, Industrias Conserveras. Nas dúas terán acollida non só as noticias relacionadas directamente coa economía de ambos sectores, senón tamén debates e artigos que ampliaban esta perspectiva, tanto ó debate social e político como á situación mundial, en tanto puidesen afectar ós intereses defendidos polas dúas entidades.

Grande importancia logrou ter tamén a revista gráfica mensual *Vida Gallega*, fundada en 1909 polo consignatario Jaime Solá[19]. Esta publicación dicía difundir 31.500 exemplares en 1911 e 70.000 en 1930. Contaba cunha concepción moderna e proporcionaba ampla información sobre a situación dos emigrantes galegos en todas as partes do mundo, para o cal o seu director e varios redactores houberon de realizar numerosas viaxes, traducidas logo a reportaxes, novidosas para a época. Ó igual que *Faro de Vigo*, que tamén fora fundado polo responsable dunha consignataria[20], en *Vida Gallega* proliferan os anuncios de viaxes a América, pero tamén os de aceites e maquinaria para a conserva, así como outros de nomeadas empresas locais. Esta revista posúe unha liña máis plural que *Faro*, sendo capaz de compaxinar a colaboración de xornalistas axiña vinculados ás ideas progresistas e rexionalistas, con detalladas reportaxes sociais sobre a vida da burguesía local, en fase de ascenso e modernización. De feito, a través das súas páxinas, pode seguirse, por exemplo, a actividade dos empresarios conserveiros e das súas familias, en festas, inauguracións e actos políticos, lonxe da endogamia atribuída ós patróns de orixe foránea, especialmente catalana.

IMPULSO Á ARQUITECTURA MODERNISTA

O Vigo de finais do século XIX e principios do XX xera tamén unha etapa de modernismo na arquitectura que ten como principais expoñentes as obras de Gómez Román, Palacios, o polaco Pacewicz e Gena-

18. Álvarez Blázquez, Xosé María. "La prensa periódica viguesa en el siglo XIX", en *Vigo en su historia*. Ed. Caixa Municipal de Vigo, 1979, tamén en Montenegro, Amador. *Op. cit.*, 1990 se recollen alguns datos.

19. Unha pola da burguesía viguesa fora xa a creadora, no século XIX, de *La Ilustración Gallega y Asturiana*, notable publicación e referente para a época.

20. O fundador do periódico foi José Carvajal Pereira, "durante moitos anos consignatario anunciante dos importantes Vapores Asturianos que cubren o traxecto Vigo-A Habana. As escalas do principal vapor desta compañía, o *Marqués de Núñez*, de tres mil toneladas, invitan a emigrar en anuncios de tres cuartos de plana en páxina impar". G. Luca de Tena. *Noticias de...*, p. 16.

ro de la Fuente. Segundo Xaime Garrido e Xosé María Iglesias, "o modernismo amósase na cidade de Vigo dun xeito temperado, sen provocar grandes rupturas coa tradición arquitectónica local. Responde basicamente á incorporación de repertorios decorativos deste estilo a edificios de composición ecléctica, sen constituír un fenómeno coherente e claro que responde fundamentalmente a unha moda e non ao impulso dun grupo burgués consolidado con aspiracións propias, como sucede no caso catalán. Será demandado por figuras individuais da burguesía viguesa que tentan expresar a súa posición na cidade con magníficos edificios, exhibindo modelos de decoración arquitectónica que de seguro coñeceron nas súas viaxes ou a través de revistas"[21].

Esta valoración quizais dependa, sen embargo, e en exceso, da corrente histórica, xa mencionada, que considera a burguesía viguesa como un sector de enclave, pouco integrado na realidade que a rodeaba. Cumpriría ter en conta outros factores como os seguintes. Primeiro, o interese de conserveiros, donos de asteleiros, etc., por recorrer ás figuras máis representativas da arquitectura, caso de Gómez Román, para deseñar e construír as súas naves industriais, do que haberá de nacer na cidade unha non desprezable arquitectura fabril. En segundo lugar, pode mencionarse o plan, impulsado sobre todo polo mesmo Gómez Román, para que tivese lugar en Vigo unha Exposición Internacional de Pesca, antigo proxecto, previsto por fin para 1928 e finalmente abortado, ó xulgar o goberno de Primo de Rivera que non era oportuna a súa coincidencia coa prevista Exposición Universal de Barcelona de 1929 e coa Iberoamericana de Sevilla. Este proxecto tiña como fin declarado impulsar o desenvolvemento de Vigo, como principal cidade atlántica. E, en terceiro lugar, o Plan de Ensanche e Reforma Interior encargado polo concello a Antonio Palacios e que este arquitecto culminou en 1932.

O que de contado sería coñecido como Plan Palacios aportaba unha ambiciosa visión da cidade e da súa comarca, que trataba tanto de deixar orientado o futuro desenvolvemento urbanístico —cunha marcada identidade, a través de monumentos e estilizacións doadas de recoñecer— como de asumir as necesidades prácticas dun crecemento que se agardaba vertixinoso. Certo é que o deseño de Palacios superaba o encargo realizado e que viña de situarse en paralelo, salvando as distancias, ó Plan de Enlaces de Barcelona coas poboacións agregadas de 1932 e ó Plan Xeral de Extensión de Madrid de 1931. Palacios pensaba na cidade de Vigo e no seu *hinterland* de influencia sobre 20 cidades satélites, dependentes da cidade principal. O proxecto de casco urbano estaba concibido para unha poboación de 260.000 persoas, é dicir, catro veces e media

21. Garrido Rodríguez, Xaime e Xosé M.ª Ramón Iglesias Veiga, *Manuel Gómez Román, mestre da arquitectura galeguista*. Ed. Xerais, Vigo, 1995, p. 22.

o número de habitantes daquela existente[22]. A hipótese non era de todo desmesurada, se se toma en conta que Vigo fora unha das poboacións europeas de máis rápido crecemento nas dúas primeiras décadas do século. En todo caso, por máis que frustrado, o encargo realizado pola corporación municipal a Antonio Palacios é proba da existencia cando menos dunha certa visión global da cidade e do seu hipotético apoio por parte da burguesía do momento, o que matiza a perspectiva individualista respecto da orixe do urbanismo modernista vigués.

UNHA BURGUESÍA CON LIBRAS

O carácter e o desenvolvemento da cidade ponse de manifesto tamén a través do feito de que aínda en 1930 houbese nela 29 consulados, 13 de países europeos e o resto americanos[23]. Hai que ter en conta, ademais da forte emigración, que o 90 por cento da producción conserveira se destinaba á exportación[24] e que os barcos de pesca se dirixían cada vez a caladeiros máis distantes na procura da sardiña.

O testemuño dun dos herdeiros destas familias conserveiras amósanos a integración local e os vínculos co exterior do sector: "O meu avó ía dúas veces ó ano a Estados Unidos. Os conserveiros e os armadores tiñan libras, algo inusitado para aquela época, o que lles proporcionaba gran facilidade de movementos. Andaban en automóbiles que chamaban a atención e participaban nos actos sociais da cidade. Algúns ían a unha sociedade dirixida por persoas pertencentes á masonería, os rotarios. Penso que niso estaban influídos pola masonería dos Estados Unidos, país que visitaban de cote por razóns de negocio". As súas ideas, cando menos neste caso, non eran excesivamente conservadoras: "O meu avó mandou o seu fillo maior a estudiar comercio a Suíza e á miña nai a Inglaterra. Algún familiar comentoulle que neses países non crían en Deus. O meu avó contestou que si, pero que había que saber de todo e saber o que se facía no mundo"[25].

A testemuña que vimos de referir desmente dous tópicos aplicados á burguesía viguesa: a súa suposta endogamia causada pola procedencia exterior (que en todo caso se remonta moitas veces á primeira metade do século XVIII, o que resta valor á cualificación de clase *estran-*

22. Pereiro Alonso, José Luis. "El urbanismo vigués contemporáneo", *Vigo en su historia, op. cit.*, 1979, pp. 592-601.

23. Montenegro Lopéz, Amador. *Op. cit.*, 1990, p. 19.

24. Aínda en 1920, cando o producto é xa dabondo coñecido no interior, os envíos por ferrocarril desde Vigo sitúanse no 10 por cento da facturación total. *Dirección General de Navegación y Pesca Marítima* (1922), pp. 381-85. Citado por Joám Carmona, *op. cit.*, 1994, p. 133.

25. Testemuña da familia conserveira De Haz, orixinaria de Cataluña, ó autor.

xeira[26]) e o seu illamento, posto que por necesidade económica se relaciona con outros moitos sectores sociais. A burguesía conserveira foi quen, pola contra, de construír ó seu redor, como vimos, un tecido social coherente.

Doutra parte, puidemos comprobar que, alomenos nalgún caso, non é correcta a afirmación común de que a fidalguía galega non foi capaz de sumarse ó carro da industrialización[27]. Tal é o que indica esta testemuña: "O meu avó era orfo, nacera en Santiago e criárase cunhas tías de clase burguesa conservadora. Estudiou e creou unha fábrica de salgadura en Vigo. Un tío seu que tiña terras e gando no Porriño e cobraba foros decidiu investir gran parte do seu diñeiro na fábrica de conservas do meu avó. A familia preguntoulle se tiña futuro aquilo de meter sardiñas nunha lata, parecíalles que era cambiar algo seguro por un negocio arriscado, pero o tío do meu avó estaba moi contento coas latas e axudou moito a capitalizar a empresa. Cos cartos de seu tío, o meu avó montou autoclaves, maquinaria moderna do momento para facer as latas"[28].

BUCH E MIRAMBELL, "FORÁNEOS" Á CABEZA DA DEFENSA DOS INTERESES LOCAIS

Cómpre lembrar por último, sobre todo porque nunca foi adecuadamente salientado, o papel político dalgúns dos elementos desa "burgue-

26. Meijide Pardo, Antonio. "Aspectos de la vida económica de Vigo en el siglo XVIII", en *Vigo en su historia, op. cit.*, pp. 315-38.

27. X. R. Barreiro é un dos valedores desta tese: "En Galicia había capital, xa que a producción agrícola xeraba aforro que se non foi convertido en investimento burgués foi debido a que as clases que controlaban o excedente, clero e fidalguía, orientaron o aforro procedente das rendas ben ao suntuario (mosteiros, catedrais, igrexas, casas rectorais, pazos, festas, etc.) ben a un elevadísimo consumo, como o acreditan os padróns parroquiais do século XVIII e XIX, ata mediados do século, onde todos os fidalgos de calquera categoría que fosen, aparecían cun amplo cortexo de criados, amas de compañía, mordomos, cociñeiras, etc... O considerábel aforro xerado pola terra non serve para un desenvolvemento industrial de Galicia porque estas clases de 'perruca', como eran denominados despectivamente polos burgueses, consideraban o traballo como un oficio vil e impropio da sua clase. Moi poucos deron o paso da fidalguía ao comercio ou á industria". X. R. Barreiro Fernández. *Historia contemporánea política*, op. cit., p. 337. Esta argumentación non nos parece con todo suficiente. Pensamos que o suicidio dunha clase a través do derroche ou por prexuízos ideolóxicos non é xeneralizable en ningún tipo de sociedade. Se o salto á industria non se produce na medida doutros lugares debe ser tamén por outras razóns, en boa parte non investigadas aínda e nas que non é obxecto deste traballo indagar.

28. O pulo emprendedor maniféstase tamén na expansión a Portugal e a Andalucía. "Daquela dicíase que a sardiña estábase a ir para o sur. O meu avó decidiu mercar catro barcos e despois crear unha fábrica, á que seguiu unha segunda, en Setúbal. Co tempo creou outra máis en Alxeciras, tamén seguindo a sardiña. O de Portugal era común a moitos conserveiros. Alí construíron casonas burguesas. As dificultades de transporte obrigaban a pasar estancias de polo menos quince días para resolver calquera asunto de negocio. Cando chegou Salazar nacionalizou a conserva. Indemnizou os propietarios, entre eles o meu avó, pero, con todo, o prexuízo foi grande, polos esforzos investidos. O Estado non os defendeu nada". Testemuña da familia De Haz ó autor.

sía foránea", papel que contradí a tese do seu suposto desarraigamento. Centrarémonos aquí no caso de Ramón Buch e Tomás Mirambell.

Ramón Buch pertence a unha das familias de inmigrantes cataláns dedicadas á salgadura[29]. Desde o primeiro momento tomou posición pola causa liberal, participando de maneira destacada nos pronunciamentos de 1840, 1843 e 1846. Foi deputado provincial e vocal da Junta Superior del Gobierno de Galicia, emanada do pronunciamento liberal e provincialista de 1846. No programa dos sublevados, que finalmente serían vencidos polo xeneral José de la Concha, tras varios enfrontamentos militares, Buch incluíu a reivindación do desestanco do sal. Ramón Buch foi tamén fundador do Círculo Recreativo de Vigo. Desde o periódico prorrexionalista *El Miño* mantivo numerosas polémicas co cacique Francisco Antonio Riestra. Pablo Taboada Moure chega a afirmar que "probablemente non esaxerase moito o que dixo que escribir a biografía de Buch era escribir a historia da primeira metade do século XIX galego".

Papel sobranceiro interpretaría tamén, algunhas décadas despois, o natural de Masnou, Tomás Mirambell Maristany, home que se dedicou a varios negocios, o principal dos cales foi a Cordelería Ibérica, fábrica que chegou a empregar a 70 persoas. O seu matrimonio cunha catalana non lle impediu integrarse na vida da cidade, da que foi nomeado fillo adoptivo en 1929. Durante seis anos presidiu a Cámara de Comercio, Industria y Navegación e foi un dos principais impulsores da Feria Internacional de la Pesca, finalmente frustrada, como xa se sinalou máis arriba. En varias ocasións rexeitou a proposta de converterse no alcalde da cidade e o mesmo fixo coa de presidir o club de fútbol local. Foi membro do consello de administración do Banco de Vigo, creado no ano 1900, e impulsor da Unión de Entidades Viguesas que celebrou a súa primeira asemblea o 2 de xuño de 1927. Tamén participou na creación da Sociedad de Abastecimiento de Aguas en 1902 e exerceu como vicepresidente da sociedade tranviaria. As súas colaboracións xornalísticas na prensa galega e catalana foron intensas no período 1900-1930[30]. Ramón Máiz, un dos poucos que estudiou a súa ideoloxía, amplamente reflectida sobre todo nas páxinas de *Revista Gallega*, cualifica a Mirambell de "federo-rexionalista" e sinala que "nos escritos deste industrial vigués acharemos actuando —unhas veces en estado práctico, outras explicitamente— o concepto de Galicia como nacionalidade, cunha radicalidade e precisión realmente notables"[31].

29. Taboada Moure, Pablo. *Las élites y el poder político. Elecciones Provinciales en Pontevedra (1836-1923)*. Ed. Deputación de Pontevedra, 1987, pp. 119-20.

30. González Martín, Gerardo. *Op. cit.*, 1993, pp. 71-95.

31. Máiz, Ramón. *Op. cit.*, 1984, p. 420. "Galicia es hoy, después de centenares de años, mucho menos de lo que fue. No es ya una región con vida y personalidad propias; no es un antiguo Estado o nacionalidad cuyo nombre suena, como en pasadas épocas, en las cancillerías de Europa; hoy es un astro sin luz, un cuerpo muerto y apagado; es más bien una colonia". Mirambell Maristany, Tomás. *Revista Gallega*, 15-VII-1900. Citado por R. Máiz *Op. cit.*, 1984, p. 422.

Non se pode dicir que actitudes como as de Buch e Mirambell constituísen unha norma, pero tampouco era xeral, nin moito menos, entre os industriais "autóctonos" a tendencia a destacarse na defensa dos intereses locais. Os casos de Buch e Mirambell parécennos por iso suficientes para crer que a implicación na política *viguista* e mesmo rexionalista non resultaba proporcionalmente menor entre os industriais de procedencia foránea.

A TESE DA IRRACIONALIDADE POLÍTICA

A opinión de certa historiografía respecto da clase burguesa é, como xa vimos, especialmente dura. X. R. Barreiro, por exemplo, escribe: "Os burgueses galegos, entregados aos partidos da Restauración, fóronse baleirando lentamente de ideas políticas [...]. Cando se prescinde dos medios de racionalidade para optar polos medios irracionais políticos, como o caciquismo, enténdese que unha clase desvaría politicamente. E isto sucede coa burguesía"[32]. No que á nosa análise respecta, non pensamos sen embargo que a burguesía viguesa, vencellada directa ou indirectamente á industria conserveira, "desvariase" politicamente. Aínda que algúns datos poden facérnolo crer así.

Pablo Taboada Moure, logo de estudiar o poder político provincial entre 1836 e 1923, conclúe o seguinte: "En Vigo desenvólvese ao longo da Restauración unha interesante actividade de constitución de sociedades, con diferentes altibaixos e con predominio do sector naval e conserveiro, así como das súas industrias auxiliares ou dependentes. Sen embargo, case se podería dicir que os membros destas sociedades desenvolven o seu pulo investidor de costas á Deputación, dado que nela non atopamos a súa presencia nin directa nin mediante outras canles de participación. Se analizamos a nómina de socios e fundadores do Banco de Vigo, fundado como sociedade anónima cun capital de cinco millóns de pesetas, para satisfacer a demanda de operacións bancarias de todo este incipente núcleo industrial e comercial, non encontramos practicamente rastro de Deputados provinciais, e só algunhas pequenas conexións familiares (Massó) ou indirectas relacións políticas (Tapias)"[33].

Baixo a dictadura de Primo de Rivera sucederá algo semellante. Taboada Moure certifica o non ter atopado correlación entre as forzas ascendentes no ámbito económico e a nova representación política, aínda que segundo estudios xerais ó respecto esta correlación caracterizou o réxime de Primo na maior parte do Estado español[34]. "Após dunha aná-

32. Barreiro Fernández, X. R. *Op. cit.*, 1991, p. 361.
33. Taboada Moure, P. *Op. cit.*, 1987, p. 103.
34. Gómez Navarro, J. L. *El régimen de Primo de Rivera.* Ed. Cátedra, Madrid, 1991, p. 500.

lise polo miúdo dos membros das sociedades industriais e mercantís da provincia —indica Taboada Moure— a penas se poden encontrar algunhas conexións illadas (Guisasola Vigil, Yáñez Llorente, Laforet)"[35].

No que respecta ás Cortes, xa dixemos máis arriba como Ramón Máiz cualificaba á elite galega de "perfectamente integrada no aparato da Restauración". Se ben, onde Máiz di "integrada", Barreiro escribe "entregada", como tamén vimos. A análise de Barreiro será aínda máis elocuente e toca de cheo o obxecto da nosa análise: "Cando os conserveiros galegos saían malparados por unha lei arancelaria, ou cando os intermediarios da exportación de madeira sufrían na súa economía as absurdas medidas proteccionistas a favor da minería de Asturias e do Norte, impedindo ou dificultando a exportación de madeira para as minas de Inglaterra, cando os importadores de grans e de fariña estimaban que os aranceis eran excesivos, cando aconteceron todas estas cousas, non se lles ocorreu ós prexudicados racionalizar o proceso e canalizar a protesta de maneira política. O que facían era visitar a Montero Ríos en Lourizán, ou a Riestra na Caeira, ou a González Bugallal ou a Elduayen, é dicir, algún dos homes fortes da Restauración, chorarlle as súas necesidades e conseguir que estes, familiarmente, domesticamente, resolvesen os problemas mediante o telégrafo co ministro do ramo. Por suposto, a maior parte das veces, os problemas quedarían sen resolver"[36].

Barreiro engadirá aínda que "a comparanza entre a burguesía galega de comezos do século XIX e a burguesía de finais de século é absolutamente imposible neste punto. Aquela burguesía tiña un obxectivo, un programa e uns instrumentos políticos de acción que ían desde o partido (liberal) pasando polos mecanismos de representación (parlamento) ata o instrumento máis contundente de acción (o exército). Estoutra burguesía nin ten obxectivos políticos nin programa e entrégase nos brazos dos conservadores ou liberais con confianza suicida"[37].

Non parecen existir demasiadas explicacións para este xiro á "irracionalidade" e ó "desvarío". En todo caso, resulta ilóxico pensar que a burguesía viguesa que ten o seu auxe e o seu período de modernización entre 1885 e 1920 e que chega, como vimos, a ser capaz de xerar un tecido industrial significativo sexa precisamente máis torpe, no que toca á acción política, que a súa predecesora. Xulgamos, polo contrario, que esa burguesía non intervén en política cando non o precisa para defender os seus intereses e faino cando si o considera necesario.

35. Taboada Moure, Pablo. *Op. cit.*, 1987, p. 113.
36. Barreiro Fernández, X. R. *Op. cit.*, 1991, p. 361.
37. *Ibidem.*

UNHA BURGUESÍA LIBRECAMBISTA QUE NON NECESITA DO ESTADO

Debemos ter en conta que se boa parte da industria vasca e catalana, ou o sector cerealístico castelán, necesita o apoio do Estado para sobrevivir ou para desenvolverse, dando lugar a que a política nacional neste período se caracterice pola súa liña claramente proteccionista, a conserva galega é durante bastantes anos netamente exportadora, polo cal non ve necesaria a intervención do Estado, nin ten entre as súas prioridades o establecer vías fortes e permanentes de relación con el. Pensemos ademais que esta burguesía obtén tamén bos réditos da riada emigrante, proceso no cal só require da pasividade do Estado, non da súa intervención. Taboada Moure certifica con razón que os industriais conserveiros a penas interveñen nos asuntos da Deputación. Pero cabe supoñer, con bastante lóxica, que non tiñan motivos para participar máis directamente.

En canto que a industria da salgadura, tamén moi abundante na ría de Vigo, tiña o seu mercado principal nos portos españois do Mediterráneo, onde formaba parte da dieta cotiá das clases traballadoras, aínda que tamén se exportaba ó exterior, en concreto a países como Italia e Francia, a conserva en lata é un producto moito menos perecedoiro o que facilita a súa venda a mercados máis distantes. De feito a conserva, como afirma Carmona, é "un sector netamente exportador". Entre 1900 e 1935 representa entre o 2 e o 4 por cento das vendas exteriores españolas, "unha cuestión non despreciable cando, como sabemos, estas eran basicamente de productos sen elaborar"[38]. Se se fala soamente de exportación de manufacturas, a conserva estaría sempre entre os tres primeiros lugares. En todo caso, a producción de conservas de peixe destinadas ó mercado interno sitúase, neste período, por debaixo do 10 por cento. "Vigo —afirma Carmona— principal centro da industria española xa a fin de século, exporta durante o último quinquenio do século XIX o 93,63 por cento da súa producción, e as conservas de peixe ocupan lugares marxinais nos rexistros das administracións de consumos das principais cidades ou nas estatísticas de transporte das compañías ferroviarias"[39]. Ata a chegada da Gran Depresión a producción conserveira non se orienta con claridade ó mercado nacional.

INTERVENCIÓN PUNTUAL NAS CORTES: O CASO DA FOLLA DE LATA

O distrito presenta unha grande estabilidade política, no que respecta á súa representación en Cortes. Durante vintecinco anos o seu depu-

38. Carmona, Joám. *Op. cit.*, 1994, pp. 128 e 131.
39. *Ibidem*, p. 133.

tado é Elduayen que perde as eleccións en 1881 ante Urzáiz. Este último, ostentará a representación de Vigo durante os coarenta anos seguintes. Tanto o final dun como o do outro coinciden con períodos de devalo local e o seu tempo de permanencia con fases de estabilidade. Pensemos, por exemplo, que Urzáiz é deputado por Vigo entre 1881 e 1923 (deixou o seu posto ó ser designado senador real, cando as críticas sobre el comezaban a ser abundantes) e que o principal auxe industrial da cidade prodúcese entre 1885 e 1920. Non é posible pensar que a boa marcha da economía local se deba a Urzáiz, pero está claro que o progreso local, debésese ós factores que se debese, non incentivaba as arelas de loita ou recambio político.

Urzáiz desenvolveu a maior parte da súa vida política en Madrid e non era moi coñecido cando se presentou como candidato. *Faro de Vigo* recibía a súa vitoria, o 30 de agosto de 1881, con estas palabras: "Verificado o domingo na Casa Consistorial o escrutinio das últimas eleccións, foi proclamado deputado por este distrito D. Ángel Urzáiz, señor moi coñecido na súa casa"[40]. Tamén o cualificaba de "novo nestas lides" e de "deputado cuneiro"[41]. Pero non cabía dúbida de que o cansazo tras unha longa etapa de estancamento e de dominio conservador comezara xa a agromar algun tempo atrás, como poñía de manifesto o crecemento dunha prensa local crítica con Elduayen, caso de *La Concordia* que servía á política do republicano-federal Eduardo Chao e que comezara a publicarse diariamente a principios de 1878. Outro periódico liberal e de recente creación, *La Verdad*, comezara tamén a polemizar con *Faro de Vigo* e estes debates sen dúbida influíron nas eleccións municipais do 1 de maio que puxeron fin á maioría conservadora na corporación. José Elduayen chegou, nestas datas, a denunciar por inxurias ós dous medios liberais. A polémica foi medrando ata a chegada de Urzáiz. O deputado e varias veces ministro favoreceu desde o seu posto as obras do porto e a comunicación por ferrocarril e colaborou coa Cámara de Comercio local[42].

Aínda que Ángel Urzáiz ten pouco que ver co representante dos intereses locais, clásico da Restauración, posto que o seu labor está centrado antes de nada na política xeral do Estado español (lei azucreira, alcohol, comunicacións marítimas, utilidades, recollida da Débeda exterior, Tratado de Marrocos, administración e contabilidade da Facenda,

40. A breve nota informativa complétase co seguinte texto: "Como hemos dicho, los electores del señor Elduayen, han presentado dos protestas que se cree por su verosimilitud y gravedad, basten para anular el acta. Allá veremos".

41. *Faro de Vigo*, 5-VIII-1881.

42. González Martín, Gerardo. *Cien años de interés por Vigo. Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación (1886-1986)*. Ed. Fundación Barrié, Caixa Vigo e Caixa Galicia, Vigo, 1986.

orzamento de liquidación, folgas ferroviarias, etc.)[43], o certo é que tamén intervén de cheo cando a burguesía do seu distrito llo reclama. Así ocorre co proxecto de imposto de tonelaxe de 1909 ó que se opuxo, o que lle valeu a felicitación dos empresarios vigueses afectados.

Pero sobre todo, a burguesía conserveira decidiu levar a súa postura ás Cortes no debate sobre a admisión temporal de folla de lata e foi Urzáiz o que exerceu a súa representación. O 14 de abril de 1888 o goberno aprobou o réxime das admisións temporais que admitía a devolución do arancel a aqueles fabricantes que destinaban un producto importado á producción dunha manufactura que ía ser exportada. Sen embargo, a nova norma non incluíu os conserveiros. Estimou o goberno que a industria conserveira tiña un futuro "poco halagüeño", en expresión do ministro de Facenda e deputado "cuneiro" por Lugo, Cos Gayón, en tanto ó seu xuízo era moi brillante o da siderurxia. Os conserveiros mobilizáronse e pediron formalmente seren incluídos entre os beneficiados pola lei, evitando así o recargo do 40 por cento sobre o prezo dos envases de folla de lata, o que situaba a conserva en condicións de desvantaxe no mercado exterior. Estaban en xogo fortes intereses, lembra un comentarista da revista *Industria Conservera*, "e a oposición da industria siderometalúrxica do Norte resultou moi superior ó que previramos. Os debates que se desenvolveron no triángulo Vigo-Bilbao-Madrid foron adquirindo resoancia a través do Congreso dos Deputados. Alí foi onde, á fin, se conseguiu a aprobación das nosas xustas pretensións, mercede o apoio entusiasta e eficaz do daquela deputado por Vigo, Don Ángel Urzáiz. Foi este o verdadeiro paladín da nosa causa e gracias á súa honradez e integridade persoal, resultou posible a aprobación desta Lei"[44].

A última serie de debates nas Cortes tería lugar ó longo de toda a segunda quincena de febreiro de 1909. Urzáiz consideraba a lei de admisións temporais unha "atenuante ós rigores e excesos dun réxime proteccionista". En contra de Urzáiz intervirán o Conde de Zubiría, Alas Pumariño e o ministro González Besada, entre outros. A favor, o deputado Vincenti[45]. Urzáiz chegou a denunciar algúns casos de corrupción entre membros do Goberno e os responsables de Altos Hornos e outras empresas do sector[46]. O éxito final da proposta de Urzáiz fíxoo merecedor dunha homenaxe por parte da Unión de Fabricantes de Conservas e doutras entidades locais.

43. Ver, por exemplo, *Discursos del Excmo. Sr. D. Ángel Urzáiz.* Recompilación dunha parte dos seus discursos parlamentarios publicada en folleto por F. Andoño, 1915.

44. González Sieiro, Floro. *Industria Conservera. Órgano de la Unión de Fabricantes de Conservas de Galicia.* Xaneiro-febreiro de 1954. Edición conmemorativa do 50 aniversario da organización.

45. *Diario de las Sesiones de Cortes.* Días 15, 17, 20, 25, 26 e 27 de febreiro de 1909.

46. *Ibidem*, 25-II-1909.

Pódese argumentar que a resolución do problema da folla de lata non foi rápida e que a súa mesma existencia denota unha falta de conciencia nas Cortes sobre a importancia do sector. Neste caso habería que insistir en que os conserveiros rara vez tiñan necesidade de recorrer ó goberno, dado o carácter exportador do seu negocio, e que cando lles foi mester, como nesta ocasión, realizaron as presións naturais do caso, a través da vía política máis lóxica, como era a representada polo deputado do seu distrito.

CRISE DOS ANOS VINTE: A SOCIEDADE ORGANÍZASE

A crise dos anos vinte vai provocar a mobilización xeral da sociedade viguesa, cunha actitude que poñerá de manifesto por unha parte os seus vínculos internos e por outra a súa vontade de non permanecer á marxe da política.

O perfil exportador do sector faino especialmente sensible ós ventos do exterior, tanto para o bo (a industria conserveira viviu durante a I Guerra Mundial unha época de esplendor sen precedentes), como para o malo (a crise financeira internacional de 1920-1921 fundiu o sistema bancario rexional que tomara fortes posicións especulativas en moeda estranxeira. A devaluación do marco, as presións especulativas sobre o franco e a libra afectan ós conserveiros que participaban, por exemplo, no Banco de Vigo que crebará en 1925. Tamén as navieiras, fortemente vencelladas ó sector e que adquiriran un gran tamaño gracias á guerra, atópanse sobredimensionadas e teñen que afrontar a caída dos fletes[47]).

Os conserveiros demostran, con todo, grande habilidade para reorientar os mercados en medio da crise. Algúns anos vense axudados, ben polos seus fortes stocks de folla de lata, ben por algunhas boas costeiras de sardiña. Con iso conseguen sortear os efectos encadeados da crise de 1929 ata 1932 ou 1933. Pero unha vez pechado o seu mercado latinoamericano, en 1934 a súa meta principal non será xa Italia ou Arxentina, senón Barcelona e Madrid. Por primeira vez, o mercado externo pasa a un segundo plano.

Non é de estrañar que as convulsións teñan un reflexo máis ou menos directo na política. Xa en 1918 a autoridade de Urzáiz é contestada. Nada menos que un importante conserveiro, que nove anos antes o homenaxeara pola súa xestión no tema da folla de lata, enfróntase a el. Trátase de José Ramón Curbera, un dos empresarios máis destacados

47. Carmona, Joám. *Op. cit.*, 1994, pp. 144-62. Do mesmo autor, "La economía del siglo XX: una panorámica", *Papeles de Economía Española* 16, Ed. Cajas de Ahorro Confederadas, 1996, p. 6.

do sector. Urzáiz consegue gañar, pero nas eleccións de 1919 de novo parece querer sublevárselle o sector conserveiro que desta volta está a piques de presentar como candidato a outro dos seus membros máis significados, José Barreras Massó, quen ó final decide non concorrer.

Nos derradeiros meses de 1921 a política viguesa entra nun período de crise. Percíbese a falta de iniciativas e un cronista local deste período, Bernardo Bernárdez, afirma que "a cidade vai quedando atrasada", ó tempo que cualifica á clase política urzaísta, que ocupa todos os postos relevantes (concello, cámara de comercio, xunta do porto, etc.), de exercer un "paralítico viguismo"[48] e de ser cómplice "dos gobernantes que nos abandonan". O 2 de xaneiro de 1922 nace a Liga de Defensores de Vigo que xa nas eleccións de febreiro logra representación municipal e exerce un forte labor fiscalizador a carón dos socialistas. Da Liga forman parte personalidades de variado signo, unidas por un espírito democrático e rexeneracionista. Entre os seus membros encóntrase un representante da familia conserveira Curbera.

A estable vida local parece ter acabado. O 16 de xuño apedrean o coche do alcalde. Hai varios detidos. En Madrid, o deputado Portela Valladares critica a actitude dictatorial do presidente da corporación. Sucédense os enfrontamentos físicos no concello. A garda municipal intervén en varias ocasións, durante os meses de agosto, setembro e outubro de 1922[49]. Vigo mobilízase tamén polo pouco diñeiro que o goberno lle concede á cidade no reparto dos portos. Hai duras cartas contra Urzáiz na prensa. Con este motivo constitúese unha chamada Junta de Defensa, formada polas forzas vivas.

O 29 de abril de 1923 teñen lugar as derradeiras eleccións da monarquía constitucional. O *encasillado* oficial coloca como candidato do distrito a Rafael Gasset, ministro de Fomento á sazón, dado que Urzáiz fora nomeado senador polo Rei en medio dunha crecente impopularidade. Pero os comicios deixan patente unha forte contestación á política tradicional. A Liga de Defensores presenta un candidato: Gregorio Espino que denuncia a intervención pouco equitativa e as presións do goberno en pro do candidato oficial. Finalmente Gasset vence a Espino por 5.474 votos fronte a 2.223[50].

A importancia da Liga déixase ver cando o goberno de Primo de Rivera lle encarga ós seus membros formar a corporación municipal con Gregorio Espino de alcalde, garantíndolle ó grupo unha notable autonomía de actuación. As mentalidades da cidade cambiaran. Os arelantes de noticias políticas poden elixir non só entre os tradicionais *Faro* e

48. Bernárdez, Bernardo. *Op. cit.*, 1932, Vol. I, p. 86.
49. *Ibidem.* pp. 134 e 168-9.
50. *Ibidem.* pp. 195, 201 e ss.

La Concordia, que vive os seus derradeiros meses, senón tamén entre os recén nacidos *El Pueblo Gallego* de Portela Valladares e o *Galicia* que dirixe o mozo Valentín Paz-Andrade, diarios ambos de inspiración progresista e rexionalista. Denúncianse casos de corrupción da época anterior e finalmente nace, o 2 de xuño de 1927, a Unión de Entidades Viguesas, convocada polo presidente da Cámara de Comercio, Tomás Mirambell, e da que tamén forman parte a Cámara da Propiedade, Obras do Porto, etc. Entre as súas reivindicacións encóntrase a dun tren pesqueiro Vigo-Portugal-Madrid, melloras no porto e creación de novos centros de ensino. Concello, Liga e agora Unión de Entidades rivalizan na escalada reivindicativa. As visitas a Madrid sucédense. A falta de liberdades políticas da dictadura non permite outra cousa, aínda que uns e outros rexeitan a afiliación á Unión Patriótica, o partido que promove o réxime de Primo. As forzas republicanas tamén medran, sobre todo no seo da Liga, que acaba por desaparecer como tal. A cidade converterase nun fervedoiro ata a Guerra Civil.

Sen pretender encontrar en todo isto unha causalidade mecánica, e a maiores dos importantes cambios políticos de carácter xeral que se transmiten a escala local, parece claro tamén que a fin do auxe económico que caracterizara ás dúas primeiras décadas do século, latexa no fondo da inquedanza cidadá e espile o asociacionismo e a articulación dos intereses locais.

CONCLUSIÓNS

Cremos, con todo o dito ata aquí, ter descartado os argumentos de endogamia, illamento ou non implicación na vida local do sector industrial vigués na súa época de meirande pulo. A procedencia familiar foránea de moitos dos seus membros non tivo, desde o noso punto de vista, consecuencias políticas salientables, dado que as súas tomas de postura non se diferencian das dos sectores "autóctonos".

A súa relativa ausencia do mundo político deberíase, máis que a unha actitude preconcibida, irracional ou de confianza suicida no sistema, a unha falla de motivación derivada da súa economía netamente exportadora e pouco implicada, ata ben entrados os anos trinta, na chamada economía nacional. Para ben ou para mal, segundo o momento, os seus intereses dependen máis das variacións da política internacional que dos aconteceres do resto do Estado. O sector naval e conserveiro é, neste sentido, un dos poucos internacionalizados da época.

Esta forma de estar fóra e dentro á vez, na medida en que se asenta sobre o territorio do país, pero mantén co exterior gran parte das súas relacións económicas, é se cadra unha das razóns de que a súa acción

política, cando a necesitan, como foi o caso da folla de lata, non sexa áxil, nin goce da capacidade de presión dos grupos que, como a siderurxia vasca ou o téxtil catalán, manteñen unha tensión constante sobre o goberno.

Doutra parte, convén ter en conta outros dous factores obxectivos: o tamaño da industria viguesa non abonda para constituír un sector de representación necesaria nas Cortes[51]. En segundo lugar, pesca e conserva compoñen un ramo demasiado sectorializado, ó que lle resulta difícil atopar outros colectivos económicos e sociais cos que artellar algunha caste de tendencia política.

Por último, pensamos ter deixado claro que, malia as súas características e limitacións, o sector foi quen de se organizar cando o xulgou necesario, potenciando entidades defensoras dos seus intereses, con clara vocación política, e acudindo a medios de prensa propios, suficientemente numerosos e eficaces como para demostrar un aceptable grao de madurez social.

M. V.

51. Non é casualidade que o seu estudio se realice baixo o epígrafe de "sectores non líderes". Ver *La cara oculta de la industrialización española.* Ed. Alianza. Para facernos idea da súa dimensión, debemos ter en conta, por exemplo, que nos anos trinta "a porcentaxe de poboación activa no sector industrial de Vigo (30,8 por cento) é moi superior á obtida para toda Galicia (14,6 por cento), pero menor do que se podía agardar dun núcleo urbano que levaba a iniciativa industrializadora na rexión galega". Fernández González, Manuel. *Op. cit.*, 1997, p. 108.